

ESCOLA DE PAIS E NAIS

O Concello do Pereiro de Aguiar está a organizar unha nova edición da “**ESCOLA DE NAIS E PAIS**”.

Dende o pasado 5 de outubro todos os mércores está a ter lugar a Escola de país e nais das 18.30 ás 20:00h no baixo da **Biblioteca municipal**.

Esta escola nace como resposta á necesidade de pais/nais e educadores de reflexionar sobre a tarefa que a sociedade designa á familia como centro de transmisión de valores, de aprendizaxe afectivo, de capacitación para as relacións interpersoais e de crecemento persoal.

Os obxectivos que nos marcamos nun principio resumíranse en:

- Apoiar aos pais/nais na tarefa de educar aos seus fillos
- Fortalecer o papel referencial da familia como primeiro axente socializador
- Potenciar a comunicación entre pais/nais e fillos
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociais que axudarán sobre todo aos nosos fillos a ter unha boa adaptación social
- Informar sobre as posibles problemáticas, o modo de detectalas e previlas

Se desexan máis información poden chamar ao tfno.: 988 25 93 85 de 10:00 a 14:30 h. (preguntar pola educadora de adultos).